

1. Cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios interesados, as actuacións a que dea lugar efectuaranse

- a) co que firmara a solicitude.
- b) co que presentara a solicitude.
- c) co representante ou o interesado que expresamente sinalasen.**

2 . Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de

- a) 10 días dende que o acto fora ditado.**
- b) 15 días dende que o acto fora ditado.
- c) 20 días dende que o acto fora ditado.

3 . Se algún dos suxeitos obrigados a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase ao interesado para que emende a solicitude a través da súa presentación electrónica. A estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude

- a) aquela en que se realizou presencialmente.
- b) aquela en que fora realizado o requirimento de subsanación.
- c) aquela en que fora realizada a subsanación**

4. As cuestións incidentais que se susciten no procedemento

- a) salvo as que se refieran á nulidade de actuacións, non suspenderán a tramitación do mesmo.
- b) incluso as que se refiran á nulidade de actuacións, non suspenderán a tramitación do mesmo, salvo a recusación.**
- c) non suspenderán a tramitación do mesmo en ningún caso.

5. Os interesados poderán alegar e aportar documentos ou outros elementos de xuízo

- a) en calquera momento anterior ao trámite de audiencia.**
- b) en calquera momento anterior á proposta de resolución.
- c) ningunha das opcións anteriores é correcta.

6. Segundo o artigo 106.5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, cando o procedemento de revisión se iniciase de oficio

- a) o transcurso do prazo de 1 mes dende o seu inicio sen dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo.
- b) o transcurso do prazo de 2 meses dende o seu inicio sen dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo.
- c) o transcurso do prazo de 6 meses dende o seu inicio sen dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo.**

7. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable ao mesmo, a Administración advertiralle que, transcorridos

- a) 2 meses, se producirá a caducidade do mesmo.
- b) 3 meses, se producirá a caducidade do mesmo.**
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

8. Interposto un recurso administrativo no que se solicita a suspensión da execución de acto recorrido

- a) entenderase suspendida a execución do acto unicamente dende que se dite o acordo de suspensión.
- b) en ningún caso se entenderá suspendida a execución do acto recorrido.
- c) entenderase suspendida a execución do acto si transcorrido 1 mes dende a solicitude o órgano a quen competa resolver non o fai.**

9. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será

- a) 1 mes.
- b) 2 meses.
- c) 3 meses.**

10. De acordo coa dicción do artigo 48 da Lei 39/2015:

- a) Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, salvo a desviación de poder.
- b) Con todo, o defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados.**
- c) A anulabilidade dun acto implicará a dos sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro

11. Segundo o artigo 31 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no funcionamento do rexistro electrónico permitirase a presentación de documentos:

- a) Todos os días do ano durante as vinte e catro horas.**
- b) Só os días hábiles do ano durante as vinte e catro horas.
- c) Só os días laborais do ano durante as vinte e catro horas.

12. Contra as disposicións administrativas de carácter xeral:

- a) Non cabe recurso xurisdiccional.
- b) Caben recursos de alzada e potestativo de reposición.
- c) Non cabe recurso administrativo.**

13. O silencio administrativo terá efecto desestimatorio:

- a) Cando se transfiran facultades relativas ao dominio público ou actividades que poidan danar o medio ambiente.**
- b) En todo caso.
- c) En ningún caso.

14. De conformidade co artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as contraprestacións económicas establecidas

coactivamente que as entidades locais perciban pola explotación de obras ou a prestación de servizos, en réxime de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital integramente público e demais fórmulas de Dereito privado, terán a condición de:

- a) Taxas.
- b) Prezos públicos.
- c) Prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.**

15. Nos contratos de obras as facultades da persoa responsable do contrato serán exercidas:

- a) Pola dirección de obra.**
- b) Polo alcalde.
- c) Polo órgano de contratación.

16. Esíxese clasificación do contratista para todos os contratos:

- a) De obras cun valor estimado maior ou igual de 250.000 euros
- b) De obras cun valor estimado maior ou igual de 500.000 euros**
- c) De servizos cun valor estimado maior ou igual de 500.000 euros

17. Para a realización independente de partes do contrato, debe preverse:

- a) A división en lotes, é obrigatoria.
- b) A división en lotes, sempre que a natureza do contrato o permita.**
- c) A recepción parcial.

18. Cal é o prazo previsto para a presentación de ofertas nun contrato de obras no procedemento aberto “super simplificado” previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017 de contratos do sector público?

- a) Non inferior a 15 días
- b) Non inferior a 10 días
- c) Non inferior a 10 días hábiles**

19. Sobre cal das seguintes materias ten competencia exclusiva o Estado?

- a) Vivenda.
- b) Obras públicas de interese xeral ou cuxa realización afecte a máis dunha Comunidade Autónoma**
- c) Ningunha das anteriores é correcta.

20. Segundo o artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva en:

- a) Réxime xurídico dos montes veciñais en man común
- b) Patrimonio histórico de interese de Galicia, sen prexuízo da defensa contra a súa exportación e espoliación, que é competencia estatal
- c) As dúas anteriores son correctas**

21. Indicar cal das seguintes respostas é a correcta: Considerarase contrato menor:

- a) A un contrato de obras de valor estimado inferior a 50.000 euros.
- b) A un contrato de obras de valor estimado inferior ou igual a 40.000 euros.
- c) A un contrato de servizos de valor estimado inferior a 15.000 euros.**

22. Conforme ao artigo 21 da Lei de Bases de Réxime Local:

- a) É competencia do Alcalde dirixir o goberno e a administración municipal.
- b) Representar ao Concello
- c) As dúas anteriores son correctas**

23. Conforme ao artigo 47 da Lei de Bases de Réxime Local se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción dos seguintes acordos:

- a) Aprobación e modificación do Regulamento Orgánico propio da corporación.
- b) Aprobación da delimitación do termo municipal
- c) Todos son correctas.**

24. Conforme ao artigo 17 do Decreto 143/2026, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, no que respecta á súa natureza e función:

- a) É un ente público de natureza consorcial.**
- b) É un ente adscrito orgánicamente á Consellería de Presidencia.
- c) Está dotado de personalidade física, patrimonio e orzamento propios.

25. De conformidade co artigo 17 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os plans xerais diferenciarán no solo urbano as seguintes categorías:

- a) solo urbano consolidado, integrado exclusivamente polos terreos que reúnan a condición de soar; e solo urbano non consolidado, integrado pola superficie restante de solo urbano.
- b) solo urbano consolidado, integrado exclusivamente polos terreos que reúnan a condición de soar; e solo urbano non consolidado, integrado polos terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización.
- c) solo urbano consolidado e solo urbano non consolidado.**

26. Conforme á disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, nos concellos que non contén con plan xeral aplicarase o réxime do solo rústico establecido na devandita lei, coa seguinte particularidade:

- a) Poderá edificarse en solo urbano non consolidado e nos núcleos rurais preexistentes.
- b) Poderá edificarse soamente en solo urbano consolidado por reunir os requisitos establecidos no artigo 17.a) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- c) Poderá edificarse en solo urbano consolidado e nos núcleos rurais que contén con delimitacións aprobadas, cuxa vixencia se mantén.**

27. O artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, relativo a adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, indica que as construcións e instalacións terán que adaptarse ao ambiente no que se sitúan, e para ese efecto:

- a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán disonar con el.
- b) A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediata e na paisaxe.**
- c) As construcións terán que presentar polo menos os seus paramentos interiores terminados.

28. Segundo o artigo 27 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, é competencia das entidades locais, consonte o establecido na lexislación de réxime local:

- a) A subministración de auga potable, a rede de sumidoiros e o tratamento das augas residuais.**
- b) O exercicio das funcións de inspección e control dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

29. Conforme ao establecido no Decreto 143/2026, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, nos concellos con poboación superior a 5.000 habitantes e nos considerados nodos para o equilibrio territorial, o plan xeral deberá de prever, xustificadamente, as reservas de solo para sistemas xerais de espazos libres e zonas verdes de dominio e uso público:

- a) En proporción non inferior a 5 m² por cada 100 m² edificables de uso residencial.
- b) En proporción non inferior a 15 m² por cada 100 m² edificables de uso residencial.**
- c) As adecuadas para satisfacer as necesidades da poboación, tendo en consideración a capacidade máxima residencial do mesmo e valorando as dotacións existentes e as características concretas do municipio.

30. Segundo establece o artigo 65.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, o plan de desenvolvemento poderá reaxustar, por razóns xustificadas, a delimitación dos sectores e áreas de repartición:

- a) Sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 10% do ámbito delimitado polo plan xeral, sen que en ningún caso o reaxuste poida afectar á clasificación urbanística o solo.
- b) Sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 15% do ámbito delimitado polo plan xeral, sen que en ningún caso o reaxuste poida afectar á clasificación urbanística o solo.
- c) Sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 10% do ámbito delimitado polo plan xeral, mesmo cando o reaxuste afecte á clasificación urbanística do solo.**

31. Segundo o disposto no artigo 72 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os plans especiais de reforma interior teñen por obxecto a execución de operacións de reforma en:

- a) solo urbano non consolidado ou solo de núcleo rural, sempre que estean previstas no plan básico autonómico.
- b) solo urbano non consolidado, só cando non estean previstas no plan xeral.
- c) solo urbano non consolidado ou solo de núcleo rural, estean ou non previstas no plan xeral.**

32. De conformidade co artigo 192 do Decreto 143/2026, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os estudos de detalle NON poderán:

- a) Incrementar o aproveitamento urbanístico.**
- b) Prever a apertura de vías de uso público que estean previamente contempladas no plan que desenvolvan.
- c) Establecer aliñacións.

33. Conforme ao artigo 198 do Decreto 143/2026, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no suposto de contradición entre as determinacións do catálogo urbanístico e as do plan:

- a) Prevalecerán as do plan.
- b) Prevalecerán as do catálogo.**
- c) Prevalecerán as que determine o órgano competente na materia.

34. De conformidade co artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o artigo 351 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro,

polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal:

- a) A implantación de calquera instalación de uso residencial, sexa provisional ou permanente.**
- b) A execución de calquera tipo de muro de contención de terras.
- c) As demolicións, en calquera caso.

35. De conformidade co artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os concellos poderán conceder prórrogas dos prazos da licenza:

- a) Previa solicitude expresa sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.
- b) Poderán concederse prórrogas diferentes para iniciar e para terminar as obras, cos requisitos esixidos na lei.
- c) Todas as respostas son correctas.**

36. En solo rústico, segundo o artigo 150.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

- a) Non poderán realizarse parcelamentos urbanísticos, salvo no suposto de execución de infraestruturas e dotacións.
- b) Non poderán realizarse parcelamentos urbanísticos, salvo coa finalidade de reorganizar a propiedade.
- c) Queda prohibida a realización de parcelamentos urbanísticos.**

37. De conformidade co artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios, e instalacións terán:

- a) O deber de conservación ao seu cargo ata o importe correspondente á metade do valor de construción dun inmovible de nova planta, equivalente ao orixinal, aplicando a porcentaxe de depreciación por antigüidade.
- b) O deber de conservación ao seu cargo ata o importe correspondente á quinta parte do valor de construción dun inmovible de nova construción, equivalente ao orixinal.
- c) O deber de conservación ao seu cargo ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmovible de nova planta, equivalente ao orixinal.**

38. Segundo o artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, instruído o expediente de reposición da legalidade urbanística e previa audiencia ao interesado:

- a) Se as obras non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico acordarase a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, á conta da administración.
- b) Se as obras ou usos puidesen se legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de seis meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente.
- c) Se as obras ou usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a pedimento de a mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que se teñan que realizar xustifíqueo.**

39. De conformidade co artigo 158 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, son infraccións moi graves:

- a) As accións e omisións que constitúan incumprimento das normas relativas ao uso e edificación que afecten a terreos clasificados polo plan como zonas verdes, espazos libres, dotacións ou equipamentos públicos, viario ou na zona de protección establecida no artigo 92.1.**
- b) O incumprimento das condicións de edificación establecidas na Lei 2/2016, para o solo rústico e a realización de actividades sen o perceptivo título habilitante municipal ou sen autorización autonómica, cando esta sexa esixible consonte a presente lei, ou incumprindo as súas condicións.
- c) O incumprimento do réxime establecido por lei para as edificacións fóra de ordenación e para as edificacións a que fai referencia o artigo 153.2 da Lei 2/2016.

40. De conformidade co artigo 163 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, as autoridades competentes para a imposición das sancións serán:

- a) Por infraccións moi graves, a partir de 300.000 euros, o Consello Consultivo de Galicia.
- b) Por infraccións graves cometidas en solo rústico sen o perceptivo título habilitante ou sen autorización autonómica cando esta sexa esixible consonte a Lei 2/2016, ou incumprindo as súas condicións, e moi graves ata 300.000 euros, o director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.**
- c) Nos demais supostos, por infraccións graves e leves, a Xunta do Gobierno Local, previo informe do secretario municipal.

41. De conformidade co artigo 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia:

a) Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei todo tipo de espectáculos públicos que se celebren en establecementos e espazos abertos organizados por unha administración pública.

b) Quedan sometido a esta lei todo tipo de espectáculos públicos e actividades recreativas que se celebren en establecementos e espazos abertos ao público, con independencia do carácter público ou privado de quen os organice.

c) Quedan sometidos a esta lei os actos e as celebracións de carácter persoal ou familiar que se efectúen en establecementos pechados, en calquera caso.

42. Conforme o artigo 2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, terán a consideración de edificación para os efectos do disposto na devandita lei, requirirán dun proxecto segundo o establecido no seu artigo 4:

a) As intervencións sobre os edificios existentes que teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

b) As obras de conservación e mantemento en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico.

c) As obras que teñan o carácter de intervención parcial en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico.

43. Segundo a Lei 38/1999, da ordenación da edificación, as accións para esixir responsabilidades por danos materiais por vicios ou defectos prescribirán:

a) Aos 10 anos para os danos materiais causados no edificio por vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de cargas ou outros elementos estruturais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.

b) No prazo de dous anos a contar desde que produzan estes danos.

c) No prazo de tres anos a contar desde que se produzan estes danos.

44. Segundo o artigo 5 do Real Decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, para a obtención do visado colexial obrigatorio, o profesional asinante do traballo dirixirase ao colexio profesional competente na materia principal do traballo profesional que será a que exerza o profesional responsable do conxunto do traballo. Cando haxa varios colexios profesionais competentes na materia:

a) O profesional terá que obter o visado e todos eles.

b) O profesional terá que preguntar aos colexios profesionais competentes na materia para que eles determinen en cal se terá que obter o visado.

c) O profesional poderá obter o visado en calquera deles.

45. Segundo o artigo 62 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, as vivendas protexidas non poderán superar:

- a) 90 m² de superficie útil.
- b) 120 m² de superficie útil.**
- c) 150 m² de superficie construída.

46. Segundo o establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia (en diante NHV), para as obras de adecuación funcional de vivendas:

- a) Deberán cumprirse coas determinacións das NHV.
- b) Seranlles esixibles condicións determinadas, definidas en documento.
- c) Non lles será esixible o cumprimento das NHV.**

47. Segundo o disposto no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, a profundidade máxima dunha terraza cuberta a través da cal se ilumine unha peza vividera non poderá superar:

- a) 2,00 m
- b) 3,00 m**
- c) As pezas vivideras non poden iluminar a través dunha terraza cuberta.

48. Segundo o disposto polo Decreto 29/2010 do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, en que casos non será necesario a instalación dun ascensor?

- a) Cando a porta de acceso a todas as vivendas estea situada a menos de 8 metros de desnivel con respecto ao portal do edificio, e non existan máis de 8 vivendas situadas en plantas distintas á baixa.**
- b) Cando non existan garaxe e/ou rochos nos sotos do edificio, ou rochos en baixo cuberta.
- c) Cando o número de vivendas non supere as 8, e o desnivel con respecto ao portal do edificio sexa menor de 12,00 m.

49. Conforme ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, a execución do contrato de obras comezará con:

- a) A acta de comprobación de reformulo ou implantación.**
- b) A incorporación do proxecto ao expediente de contratación.

c) A súa licitación.

50. Conforme ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, para os efectos de elaboración dos proxectos, clasificaranse as obras, segundo o seu obxecto e natureza, nos grupos seguintes:

a) Obras de nova execución; obras de reparación simple; obras de conservación e mantemento; obras de demolición.

b) Obras de nova execución; obras de conservación e mantemento; obras de demolición.

c) Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación; obras de reparación simple; obras de conservación e mantemento; obras de demolición.

51. Indicar cal dos seguintes actos non está suxeito a comunicación previa:

a) A execución de obras ou instalacións menores

b) As demolicións, salvo as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

c) A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio ni implantar un uso residencial

52. Segundo a lei 1/2021, do 8 de xaneiro, que tipo de determinacións poden conter os instrumentos de ordenación do territorio?

a) De aplicación directa, vinculantes e orientativas

b) Orientativas e excluíntes

c) Vinculantes e orientativas

53. Cal das seguintes afirmacións en relación á suspensión cautelar motivada por un instrumento de ordenación do territorio non é certa?

a) Extinguirase co transcurso de dous anos

b) Suspenderase coa aprobación inicial do instrumento

c) O acordo de suspensión cautelar debera identificar graficamente as áreas ou zonas afectadas.

54. Segundo o artigo 8 da lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, cal dos seguintes non é un instrumento de desenvolvemento e aplicación da lei?

a) Plans territoriais especiais

b) Estudos de impacto e integración paisaxística.

c) Plans de acción da paisaxe

55. A lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, prevé unas categorías de espazos naturais protexidos. Cal non é unha das que establece a lei?

- a) Parque nacional**
- b) Espazo protexido Rede Natura 2000
- c) Espacio privado de interese natural

56. O PXOM de Fisterra aprobado por Orde do 5 de agosto de 2019 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que no caso do solo rústico:

- a) Aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico**
- b) Aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico, mantendo a vixencia das categorías de solo contempladas no planeamento respectivo
- c) Aplicaráselle o disposto no planeamento respectivo

57. Segundo a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia ata a revisión do plan de ordenación do litoral (POL), manterase o réxime xurídico contido no POL, nss seguintes áreas:

- a) protección costeira e corredores
- b) protección costeira, corredores e espazos de interese**
- c) protección costeira, corredores, espazos de interese e mellora ambiental e paisaxística

58. Segundo a LSG e o RLSG os límites de sustentabilidade no solo urbano non consolidado (SUNC) e no solo urbanizable débense cumprir:

- a) no SUNC en cada ámbito; no urbanizable en cada sector
- b) no SUNC en cada distrito; no urbanizable en cada sector**
- c) de forma conxunta para o SUNC e para o conxunto dos SUBLE

59. No caso de que o municipio de Fisterra tramitase unha modificación puntual para a delimitación de solo de núcleo rural:

- a) Deberá someter a información pública por prazo mínimo de 1 mes
- b) Aprobará provisionalmente a Consellería en materia de urbanismo e definitivamente o concello
- c) Transcorridos 2 meses dende a aprobación provisional sen resolución expresa, entenderase aprobado por silencio administrativo**

60. Segundo o artigo 83 da LSG, considéranse modificacións substanciais do planeamento urbanístico :

- a) As que incrementen o aproveitamento lucrativo.**
- b) As que modifiquen a cualificación do solo.

c) As que non incidan negativamente na funcionalidade das dotacións públicas

61. Consonte o artigo 34 do Plan Básico Autonómico de Galicia, á hora de materializar a edificabilidade prevista na ordenación dun soar urbano

- a) Resulta obrigatorio acadar a altura de cornixa prevista
- b) Na tipoloxía acaroadada, débese garantir a ocultación das medianeiras**
- c) Resulta obrigatorio materializar a edificabilidade máxima

62. A reserva mínima de vivenda de protexida establecida no Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro (TRLSRU) para un ámbito de solo urbano non consolidado é de:

- a) O 30% tratándose dunha actuación de nova urbanización**
- b) O 10% tratándose dunha actuación de dotación
- c) O 30 % en ambos casos

63. Consonte o art. 63 do Decreto 66/2013 polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o recoñecemento de treitos urbanos e travesías a instancia dun concello esixe:

- a) Informe facultativo da Dirección Xeral de Viario e Tráfico Rodado
- b) Informe dos concellos limítrofes
- c) Informe vinculante da Consellería competente en materia de estradas**

64. De acordo co anexo de definicións do Regulamento da Lei do solo 2/2016, segundo as súas características funcionais, unha praza de abastos é un uso

- a) loxístico
- b) terciario
- c) servizo público**

65. De acordo co anexo de definicións do Regulamento da Lei do solo 2/2016, cando a distancia vertical desde a cara superior da placa que forma o teito ata o nivel da rasante

- a) exceda 1 m, considérase planta baixa**
- b) exceda 1,5 m, considérase semisoto
- c) é igual ou inferior a 1 m, considérase soto

66. Para edificar en solo de núcleo rural, consonte o réxime da Lei do solo 2/2016, a interesada debe dispor de acceso ao seu predio a través de

- a) camiño público**
- b) camiño rodado
- c) camiño previsto

67. As edificacións existentes na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre construídas sen título habilitante antes da entrada en vigor da Lei 22/1998, do 28 de xullo, de costas

a) poderán legalizarse unicamente cando se atopen destinadas a residencia ou habitación

b) deberán demolerse, agás cando proceda a súa legalización por razón de interese público

c) poderán ser obxecto de obras de ampliación en volume, altura e superficie

68. Consonte o artigo 43 da Lei do solo 2/2016, queda prohibido todo uso residencial en

a) Plantas baixas

b) Sotos, semisotos e plantas baixas

c) Semisotos

69. Consonte o artigo 358 do Regulamento da Lei do solo 2/2016, poderá outorgarse a primeira ocupación parcial

a) En ningún caso

b) por portais completos

c) por plantas independentes

70. Ademais dos Bens de Interese Cultural expresamente declarados pola Xunta de Galicia, teñen a consideración de BIC xenéricos

a) Os castelos anteriores a 1975

b) Os hórreos anteriores a 1889

d) Os monumentos megalíticos da idade rupestre

71. Consonte o réxime transitorio da Lei 1/2021, de 8 de xaneiro de ordenación do territorio , as referencias e as remisións das DOT aos proxectos sectoriais e plans de ordenación do medio físico:

a) Enténdense referidas aos proxectos de interese autonómico e aos plans territoriais

especiais respectivamente

b) Enténdense referidas aos proxectos de interese autonómico e aos plans sectoriais

respectivamente

c) Enténdense referidas aos plans territoriais integrados e aos plans territoriais especiais respectivamente

72. Consonte o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, dentro dos terreos de Rede Natura 2000 de Galicia:

a) Non se permite edificar pero si rehabilitar.

b) Permítese edificar con condicións en terreos vacantes do solo de núcleo rural.

d) Permítese edificar en solo urbano, pero nunca nos demais terreos delimitados pola Rede Natura 2000, agás para usos públicos.

73. Contarán cun rocho como elemento anexo aquelas vivendas

a) que se constrúan en edificacións de nova planta en solo urbano

b) que se constrúan en edificacións de nova planta en solo urbano e de núcleo rural

c) que se constrúan en edificacións de nova planta

74. Consonte o documento DB-SUA do CTE (código Técnico da Edificación), os pasamáns deben estar a unha altura entre 0,90 m e 1,10 m.

a) Non sempre

b) Si, pero con outro a altura menor en determinados casos

c) E entre 0,75 m e 1,00 m se hai presenza de público infantil

75. A efectos do DB-SUA, terá a consideración de rampla só os itinerarios

a) cunha pendente superior ao 4%

b) cunha pendente superior ao 8%

c) cunha pendente inferior ao 12%

76. Na sección HS 5 do DB-HS defínense, entre outras, as seguintes condicións para ventilar as redes de evacuación de augas residuais:

a) A ventilación primaria pode ter un diámetro diferente á baixante á que se conecta, pero nunca inferior á columna de ventilación secundaria

b) A ventilación primaria debe ter o mesmo diámetro que a baixante da que é prolongación, en todos os casos

c) A ventilación primaria debe ter o mesmo diámetro que a baixante da que é prolongación, a non ser que se conecte a ela unha columna de ventilación secundaria

77. Consonte a normativa estatal de accesibilidade (DB-SUA 9), as piscinas de establecementos de uso Residencial Público disporán de algunha entrada ao vaso mediante guindastre para piscina ou calquera outro elemento adaptado para tal efecto.

a) En todo caso

b) Sempre que non resulte desproporcionado o custo de mantemento deste mecanismo.

c) Exceptúanse as piscinas infantís

78. Pódese establecer un uso de aparcadoiro para caravanas en tránsito no solo rústico?

- a) Só cunha superficie maior de 10.000 m² consonte a normativa sectorial
- b) Si, xustificando a idoneidade da parcela**
- c) En ningún caso, pola preservación dos valores do solo en situación básica rural

79. Consonte os artigos 2 e 10 da LOE, será necesario estar en posesión do título de arquitecto/a para redactar proxectos:

- a) De edificación con uso comercial ou deportivo
- b) De instalacións en uso administrativo
- c) De edificación con uso industrial en ausencia de enxeñeiro/a**

80. Consonte a Orde TMA/851/2021, o itinerario peonil accesible terá:

- a) unha anchura libre non inferior a 1,50 m.
- b) unha altura libre non inferior a 2,00 m.
- c) terá unha pendente transversal máxima do 2%.**

81. Un establecemento de uso residencial público de 55 prazas deberá dispor dun mínimo de aloxamentos accesibles?

- a) 0
- b) 1
- c) 2**

82. Consonte o artigo 4 da lei 8/2012 a superficie útil de vivenda compútase

- a) incluíndo a de altura menor de 1,80 m
- b) incluíndo a metade da superficie exterior dos balcóns**
- c) incluíndo a cara externa dos cerramentos

83. O Decreto 29/2010 determina que toda vivenda deberá ter a consideración de vivenda exterior e, en ausencia de planeamento municipal, de acordo co PBA

- a) todas as súas dependencias disporán de iluminación e ventilación a espazos libres públicos
- b) poderá ventilar a través dun patio de cuarteirón cando o seu diámetro sexa menor que a metade da altura de coroación do edificio
- c) dúas estancias disporán de iluminación e ventilación a espazos libres públicos**

84. Consonte o artigo 41 da lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia os bens poden clasificarse nos seguintes niveis:

- a) Protección integral, ambiental e estrutural.**
- b) Protección monumental, estrutural e parcial.

c) Protección monumental, integral, estrutural e ambiental.

85. Consonte o artigo 38 da lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia establécense uns contornos subsidiarios de protección no solo de núcleo rural histórico-tradicional para bens do patrimonio arqueolóxico:

a) De 200 metros

b) De 100 metros

c) De 50 metros

86. Determínase a suspensión de tramitación de licenzas municipais por:

a) A catalogación dos bens dentro do concello.

b) A catalogación ou declaración BIC dos bens mesmo nos concellos limítrofes.

c) A incoación dun BIC unicamente.

87. Poderá delimitarse unha zona de amortecemento:

a) Ao redor dos bens de interese cultural.

a) Ao redor dos bens de interese cultural e catalogados.

a) Só ao redor dos bens de interese cultural de carácter territorial

88. Seguindo as categorías dos bens culturais definidas no art. 10 da lei 5/2016, poderá catalogarse como monumento:

a) Un soto ou unha carballeira.

b) O lugar vinculado a episodios relevantes do pasado.

c) Unha construción como un hórreo.

89. Deberán contar con autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural:

a) Os cambios de uso teñan ou non incidencia no ben e no territorio.

b) As intervencións de escasa entidade que se manifesten no exterior, agás licenzas directas.

c) Falso, autoriza a delegación territorial.

90. Nos terreos de solo urbano non consolidado sen ordenación detallada, aplicando o réxime de usos provisionais resulta que non se poden admitir

a) as parcelacións urbanísticas

b) as pavimentacións de viario previsto

c) os usos dotacionais

91. Consonte o réxime transitorio da Lei 2/2016, unha vivenda edificada en solo rústico en 1995 con licenza municipal a 3 m dos terreos doutra propiedade

a) pódese ampliar con determinadas condicións de implantación

b) non se pode ampliar dada a súa condición de desconforme coa ordenación

c) pódese ampliar liberando unha franxa de 5 m de separación no solo rústico

92. Atópase en situación básica de urbanizado

a) os asentamentos xurdidos á marxe do planeamento, sen integración en malla urbana, formados por unha rede de viais, dotacións e parcelas propia dos núcleos de poboación

b) os sectores de solo urbanizable unha vez rematada a actuación de urbanización

c) son certas as dúas respostas anteriores

93. Consonte a Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, poderase permitir nos edificios con protección estrutural ou asimilable

a) Baleiramentos parciais con catálogo homoxeneizado aos niveis de protección da Lei 5/2016

b) Baleiramentos que non afecten aos elementos protexidos

c) Baleiramentos parciais só en concellos con planeamento adaptado a Lei 5/2016

94. Consonte a Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, poderase alterar a posición de forxados nos edificios catalogados

a) Cun nivel de protección non integral

b) Cun nivel de protección ambiental e unha altura libre inferior a 2,40 m

c) Con independencia do nivel de protección

95. Consonte o Plan Básico Autonómico (Decreto 83/2018) nos ámbitos de solo de núcleo rural

a) Aplícase a ordenanza de solo de núcleo rural común naqueles ámbitos que presenten unha consolidación inferior a un terzo

b) Será obrigatorio acaroarse incluso nos ámbitos tradicionais cando exista medianeira conforme á aliñación

c) Aplícase a ordenanza de solo de núcleo rural tradicional naqueles ámbitos que presenten unha consolidación igual ao 50%

96. Son instrumentos de ordenación do territorio

a) Os plans territoriais integrados, os plans sectoriais e os proxectos territoriais singulares

b) Os plans territoriais, os proxectos sectoriais xa aprobados e os plans sectoriais

c) Os plans territoriais integrados, os plans territoriais singulares, os plans sectoriais e os proxectos de interese autonómico

97. Consonte os artigos 2 e 3 da Orde TMA/851/2021 que definen o seu ámbito de aplicación:

- a) Resulta de aplicación universal en todas as situacións básicas do solo
- b) Aplícase en todos os espazos urbanizados como as sendas e paseos que discorren polo medio rural
- c) Resulta de aplicación no solo de núcleo rural e no solo urbano consolidado**

98. O exercicio dunha actividade comercial, con carácter xeral, está sometida ao réxime de:

- a Licenza de apertura
- b Comunicación previa**
- c Licenza de apertura ou comunicación previa, en función da superficie do establecemento

99. Consonte o artigo 191 do Regulamento da Lei do solo 2/2016, para aprobar a delimitación dun núcleo rural resulta necesario xustificar previamente a suficiencia ou necesidade de reforzo e ampliación das redes existentes

- a) nas áreas de actuación integral previstas**
- b) en toda a súa superficie delimitada
- c) nos núcleos maiores de 500 habitantes

100. A división en dous lotes dun terreo con solo rústico e solo de núcleo rural, segundo as súas clasificacións, estaría sometida a

- a) Licenza municipal
- b) Declaración responsable
- c) Declaración de innecesariedade**

R1. Cal das seguintes afirmacións é incorrecta:

- a) O delegado de protección de datos actuará como interlocutor do responsable ou encargado do tratamento ante a Axencia Española de Protección de Datos e as autoridades autonómicas de protección de datos.
- b) O delegado poderá inspeccionar os procedementos relacionados e emitir recomendacións no ámbito das súas competencias.
- c) O delegado de protección de datos, sempre e en todo caso, terá acceso os datos persoais e procesos de tratamento**

R2. O artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece, en canto á emisión de informes, que si o informe debера ser emitido por unha Administración Pública distinta da que tramita o procedemento en orde a expresar o punto de vista correspondente ás súas competencias respectivas, e transcorre o prazo sen que aquél se emitira

a) suspenderanse os termos e prazos do procedemento ata que o informe sexa emitido sen perxuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

b) poderanse proseguir as actuacións.

c) ningunha das opcións anteriores é correcta.

R3. Segun o artigo 64 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

a) O acordo de iniciación nos procedementos de natureza sancionadora notificarase aos interesados, entendendo en todo caso por tal ao inculpado e ao denunciante.

b) O acordo de iniciación nos procedementos de natureza sancionadora notificarase aos interesados, entendendo en todo caso por tal ao instrutor, ao inculpado e ao denunciante.

c) A incoación comunicase ao denunciante cando as normas reguladoras do procedemento así o prevean.

R4. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, a adxudicación dun contrato de obras require:

a) A previa elaboración, supervisión, aprobación e reformulo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato.

b) A previa elaboración, supervisión e aprobación do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato, realizado o reformulo do mesmo unha vez adxudicácese.

c) A previa elaboración e supervisión do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato, realizando a aprobación do mesmo no acto de adxudicación e o reformulo unha vez adxudicácese.

R5. Consonte os artigos 40 e 41 do Plan Básico Autonómico de Galicia, as pistas deportivas e piscinas descubertas

a) Non computan ocupación

b) Computan ocupación

c) Non gardan recuados

R6. A apertura dun restaurante con capacidade para 505 persoas

a) precisa da obtención de licenza municipal cuxa tramitación non pode exceder de 3 meses

b) precisa da obtención de licenza municipal cuxa tramitación non pode exceder de 1 mes

c) está sometida ao réxime de declaración responsable

R7. A Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, establece que terá a consideración de edificación:

- a) unha nova construción de nova planta, de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica, que eventualmente teña uso residencial**
- b) toda intervención nun edificio existente
- c) unha nova construción dunha planta, de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica, destinado a almacén

R8. Toda obra nun edificio ten unha garantía por danos materiais ocasionados por vicios e defectos da construción:

a) De 3 anos no caso das instalacións técnicas.

b) De 5 anos no caso das instalacións técnicas.

c) De 10 anos.

R9. As normas de aplicación directa relativas á adaptación ao ambiente das construcións e instalacións:

a) O planeamento determinará a que clasificacións urbanísticas se aplicará

b) Serán de aplicación a todo tipo de terreos, con independencia da súa clasificación urbanística

c) Non resultan de aplicación no solo urbanizado, soamente ao solo en situación básica rural

R10. Segundo a lei de Portos de Galicia, a delimitación dos espazos e usos portuarios:

a) Será aprobada por Portos de Galicia, a proposta do concello

b) A súa aprobación levará implícita de declaración de utilidade pública a efectos de expropiación

c) O expediente será sometido a información pública no prazo de 1 mes